



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 6 de novembro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDESA-PRESIDENTA EN FUNCIÓNS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. ALBERTO VARELA PAZ
DONA PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 6 de novembro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 30/10/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/5032

Dáse conta do informe da Policía Local en relación ó escrito presentado por M^a José García Cuquejo de queixas por estacionamentos indebidos na rúa Almirante Fontán. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda sinalizar unha zona de manobras ó fondo da rúa. Dar conta ao responsable de sinalización (Mario Vázquez Rubianes) e á Policía Local.

PRP2017/5037

Dáse conta do escrito presentado por **D. David Martínez Ruíz** expoñendo problemas por circulación pola zonal peonil que da acceso ao colexio Sagrada Familia. Visto o informe da Policía Local que sinala que na actualidade no horario de entrada de este colexio, aténdese o cruce de escolares no paso de peóns de Rúa Castelao, por considerar que é o máis perigoso para os menores, que ademais de este punto hai outros dous de conflito nas proximidades do centro, a zona próxima a Manuel Antonio e a zona próxima de García Caamaño e Arcebispo Lago, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudarán alternativas para resolver ditos problemas.

PRP2017/5038

Dáse conta do informe da Policía Local en relación á situación da intersección das rúas Duque de Terranova e Pablo Picasso, a Xunta de Goberno Local acorda:
Pintar unha liña discontinúa na rúa Duque de Terranova



Retirar dúas prazas de aparcamento

Sinalizar a illeta

Dar conta ó responsable de sinalización Mario Vázquez e á Policía Local.

PRP2017/5040

Dáse conta do informe da Policía Local para levar a cabo varias sinalizacións na intersección das rúas López Cuevillas e Manuel Antonio. A Xunta de Goberno Local acorda que se leven a cabo as seguintes sinalizacións:

Sinalizar un paso de peóns na rúa Manuel Antonio, facendo os correspondentes rebaixas na beirarrúa, sinalizar 3 prazas de estacionamento en batería, unha illeta que delimite o final da zona de estacionamento e sinalizar 2 prazas de motos a carón do paso de peóns da Travesía que da acceso dende López Cuevillas ó xardín Santa Ana.

Dar conta ao responsable de sinalización (Mario Vázquez Rubianes) e á Policía Local.

PRP2017/5043

Visto o informe da Policía Local en relación ó escrito presentado por Dona Natividad Fortes Eire solicitando sinalizar a intersección entre a rúa Bouza de Cea e Travesía da Carballeira, a Xunta de Goberno Local acorda sinalizar a intersección entre a rúa Bouza de Cea e Travesía da Carballeira, mediante a sinalización de preferencia de paso, instalar un espello que facilite a visibilidade ós condutores que circulen pola rúa Bouza de Arriba, en sentido da Avda. de Pontevedra a Cea, e instalar nesa intersección un sinal S15-a (calzada sen saída).

Dar conta ó responsable de sinalización Mario Vázquez e á Policía Local.

PRP2017/5045

Dáse conta do escrito presentado por **Ente Publicidad, S.A.**, solicitando autorización para realizar unha campaña publicitaria na Praza de Galicia o día 18 de novembro de 2017, de 10 a 14 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ó Departamento de Rendas.

PRP2017/5047

Vista a proposta do Enxeñeiro de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.** para



subscrición anual dunha licenza acrobat Pro DC, por un importe total de 238,73 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Emprego

PRP2017/5049

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2017, presentada por **D. Avelino Moroño Barreiro**.

Visto o informe emitido pola ADL (Mar Caramés) e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/5050

Dáse conta da solicitude de cobro do importe do premio correspondente dentro da I Edición dos premios ao Emprendemento Concello de Vilagarcía – Emprende VGA, presentada por **Dona Patricia Santos Izquierdo**.

Visto o informe emitido pola ADL (Mar Caramés), a documentación aportada e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda proceder ao abono do o importe de 3.000,00 € en concepto de Premio na Categoría C, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.489.

PRP2017/5051

Vista a proposta da Concellería de Traballo e Benestar, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Solicitar a prórroga ante a Deputación Provincial de Pontevedra, durante seis meses, do Plan de Formación Práctica para mozos/as titulados universitarios e de formación profesional, que actualmente ven desenvolvéndose no Concello de Vilagarcía, coa finalidade de promover e completar a súa formación académica en aras de coñecemento e actividades que poidan facilitar a súa futura incorporación ó mercado laboral.
2. Solicitar a substitución da bolseira Míriam Fernández Moreira destinada á Fundación de Deportes, debido á renuncia da mesma a continuar prestando os seus servizos.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/5052

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal para aprobar o gasto da compra de libros para a Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa **Siete Libros, S.L.U.**, para adquisición de 19 títulos con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, por importe de 233,93€ con cargo á partida 3321-22001.

Sanidade



ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/5054

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización do Pleno Infantil o día 20 de novembro de 2017, por importe total de 231,00€, e adjudicar á da empresa **Empresa Pereira, S.L.**, por importe de 231,00 € (IVE engadido) a prestación dun servizo polo traslado de alumnos desde os centros educativos ao Concello, con cargo á partida 2314-22624.

Así mesmo acórdase aprobar a colaboración da Policía Local na supervisión da baixada dos/as nenos/as dos autobuses escolares (diante do bar Concello na zona reservada).

PRP2017/5056

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e o orzamento para a realización dun Campamento Urbano de Nadal 2017, no CEIP A Escardía, por un importe total de 2.055,19€, con cargo á partida 2314.22624, coa seguinte desagregación:

- 1994,69€ (IVE incluído), orzamento presentado por **Servizos Integrais de Formación, S.C.**, para o programa denominado Campamento Urbano de Nadal 2017.
- 60,50€ (IVE incluído), orzamento presentado por **CLECE, S.A.**, para o papel hixiénico, papel seca mans e xabón.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/5057

Vista a proposta da Concellería da área de Igualdade, de ampliación do orzamento aprobado na xunta de Goberno Local de 23-10-2017, para a realización o 25 de novembro do día Internacional contra a Violencia de Xénero, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita ampliación por un importe de 1.835,59€, quedando o importe total en 3.335,59 con cargo á partida 2312-22615, coa seguinte desagregación:

• Cine Club Ádega, con CIF: G36.018.513 para a proxección dunha película cun tema relacionado co 25N	350,00 €
• Juan C. Piñeiro Bernárdez, NIF: 36047.397A, para a compra de displays para colocar os carteis da campaña nos escaparates	1.675,85 €
• Baños Print, S.L. CIF: B36.252.872, para a compra de manteis co logo da campaña para o ramo da hostalaría	445,58 €
• D.Spain, CIF: B70.431.911, para a compra de lona para colocar na fachada do concello e na praza de abastos co logo da campaña	479,16 €
• Empresa Pereira, S.L., CIFB36.030.997, para o traslado desde os Centros (ida e volta) do alumnado que participa na andaina	385,00 €
Total orzamento	3.335,59 €



PRP2017/5094

A Xunta de Goberno Local acorda o reintegro á partida correspondente do importe da aportación municipal da axuda solicitada ao FEMP no marco da convocatoria 2017 de “Axudas para facilitar a posta en marcha de acción que favorezan a transversalidade de xénero e a corresponsabilidade”, por importe de 4.375,00€, dado que o concello de Vilagarcía de Arousa non resultou seleccionado.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/5059

Vista a solicitude de D. Jorge Abad Suárez, en representación de **Magic Stage, S.L.**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala Principal do Auditorio Municipal o día 29 de decembro de 2017, durante todo o día, para a celebración da Gala de Galicia Magic Fest, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

O prezo das entradas é o seguinte:

A venda de entradas será a través da canle TICKETEA e a recadación para a solicitante, tendo o prezo de entrada único de 12,00€.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70€
- Responsable de Sala: 12 horas, 122,40€
- Persoal de taquilla: 2 persoas x 4hr, 81,60€
- TOTAL: 468,7€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2017/5061

Vista a solicitude de Dona Anastasia Martínez Parro, en representación de **Asociación Cultural Regenta Teatro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala Principal do Auditorio Municipal o día 1 de marzo de 2018, durante todo o día, para a representación de “La Gitanilla e La Ilustre Fregona de Miguel de Cervantes”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

O prezo das entradas é o seguinte:

A venda de entradas será a través da canle TICKETEA e a recadación para a solicitante, tendo o prezo único de 6,00€.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70€
- Persoal de taquilla: 2 persoas x 4hr, 81,60€
- TOTAL: 346,30€

Dar conta ao Departamento de Rendado.

PRP2017/5063

Vista a solicitude de **Kalandraka Editora, S.L.**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 30 de decembro de 2017, para a celebración dun concerto presentación do libro CD-DVD "Radio Bule-Bule" co artista Pago Nogueira, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Así mesmo comunícaselle que deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/5064

Vista a solicitude de **Federación de Alcohólicos Rehabilitados de Galicia**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal, o día 15 de novembro de 2017, en horario de 20:00 a 21:30 horas, para impartir unha carnal informativa sobre o alcol, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/5066

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso temporal das dependencias da Oficina Municipal de Carril en precario, debendo deixar o local libre cando así llo requira o Concello as seguintes asociacións culturais, veciñais e deportivas de Carril:

- Asociación Rompetimóns



-Asociación Cultural Malveiras

-AA.MM.RR. Illa Cortegada

-Asociación Cultural Ameixa Rock

Debendo axustarse ás seguintes condicións:

-Manter o estado de conservación ordinaria do centro, dando conta ao Concello de calqueira dano, deficiencia, deterioro ou mal estado do material, utensilios ou instalación.

-Facerse cargo da limpeza

-Atender os requirimentos que lle formule o Concello.

-A instalación e material da oficina municipal son propiedade do Concello, agás o material mercado pola/s asociación/s ou entidade/s

-Non se poderán realizar obras novas ou de calquera tipo na instalación sen previa autorización por escrito do Concello.

PRP2017/5067

Vista a solicitude de Dona Begoña Fontán Caeiro, en representación de **Centro Artístico “Begoña Fontán”**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala Principal do Auditorio Municipal o día 16 de xuño de 2018, durante todo o día, para a celebración da Gala de Galicia Magic Fest, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

O prezo das entradas é o seguinte:

Esta actividade ten un prezo único de entrada de 3,50€, sendo a recadación para a solicitante.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70€

- Responsable de Sala: 10 horas, 102,00€

- TOTAL: 366,70€

Dar conta ao Departamento de Rendidas.

PRP2017/5068

Vista a solicitude de **Dona Mónica M^a Miguéns Iglesias**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade da Virxe do Socorro en Sobradelo o vindeiro día 21 de novembro de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Nós de Sobradelo, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.



PRP2017/5069

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do Concurso Escolar de Deseño de Carteis para a Cabalgata 2018, no que poderán participar cantos/as nenos/as o desexen, en idades comprendidas entre 7 e 11 anos, concedéndose un único premio.

PRP2017/5073

Vista a solicitude de D. Gonzalo Fernández Otero, e/n **CPR Plurilingüe Sagrada Familia**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 15 de novembro de 2017, durante todo o día, para a celebración dunha representación teatral en inglés, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de seguro de responsabilidade civil e accidentes, así como copia do último recibo abonado.

Será responsabilidade do solicitante o control de aforo a sala solicitada (neste caso 754 butacas).

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/5095

Vista a proposta da Concellería de Cultura para aprobar o gasto, dun curso de iniciación á fotografía dixital, a Xunta Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Jose Luiz Oubiña De Moares Sarmiento** para a súa realización, por importe de 2.000,00€ con cargo á partida 334-22640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5096

Vista a proposta da Concellería de Cultura para aprobar o gasto do curso de Curtas 2017, a Xunta Local acorda aprobar o orzamento presentado para a súa realización pola **Asociación Curtas Film Fest**, por importe de 3.000,00€ con cargo á partida 334-22640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5097



Vista a proposta da Concellería de Cultura para aprobar o gasto e a instancia de inscrición, dun curso de iniciación á fotografía dixital, a Xunta Local acorda aprobar o orzamento de **Juan Carlos Platis Cores**, por importe de 1.140,00€ con cargo á partida 334-22640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5185

Dáse conta do erro no acordo da X.G.L. de data 09-10-2017 de solicitude de Doña Begoña Gómez Martínez e/n Categorical Producciones para uso do salón de actos do auditorio o día 18 de novembro de 2017.

Onde dí:

Vista a solicitude de Dona Begoña Gómez Martínez, en representación de **Categoría Producciones, S.L.,.....**

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70€
- Responsable de Sala: 12 horas, 122,40€
- Persoal de taquilla: 2 persoas x 4hr, 81,60€
- Conserxe (domingo): 12 horas, 122,40€
- TOTAL: 891,10€

Debe dicir:

Vista a solicitude de Dona Begoña Gómez Martínez, en representación de **Categoría Producciones, S.L.,.....**

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70€
- Responsable de Sala: 12 horas, 122,40€
- Persoal de taquilla: 2 persoas x 4hr, 81,60€
- TOTAL: 468,70€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/5058

Vista a proposta da Xefa do Departamento de Contratación e Patrimonio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficinas, S.L.** para o tapizado de dúas cadeiras do departamento por importe de 133,10€ con cargo á partida 920-215.

PRP2017/5060

Dáse conta da comunicación da Deputación de Pontevedra sobre os prazos de xustificación plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2016, solicitando a xustificación das obras que se citan a continuación a 31-12-2017:



- Memoria Valorada para instalación multideportiva A Tomada de San Roque, Carril
- Subministración dunha motocicleta para a Policía Local de Vilagarcía de Arousa
- Subministración de catro coches de pedais e dous asentos adicionais para o parque infantil de tráfico da Policía Local de Vilagarcía de Arousa.
- Subministración e instalación dunha ferramenta de gravación e postminutaxe das sesións do Pleno da Corporación.
- Memoria de solicitude á Deputación de Pontevedra dunha subvención para a subministración e instalación dun sistema de copias de seguridade para o CPD.
- Reparacións no Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo de Fontecarmoa.
- Construción de Escola Xardín en Vilaxoán.
- Subministración de 5 bicicletas con destino á Policía Local.
- Subministración e instalación dun sistema de megafonía para o Salón de Plenos
- Urbanización entorno rúa García Caamaño.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, facendo constar que a maioría das obras e servizos citados xa están xustificadas.

PRP2017/5062

Dáse conta da resolución da Consellería de Política Social de concesión de axuda por importe de 20.000,00 para o investimento na mellora das infraestruturas (mellora de accesibilidade) da Escola Infantil Municipal de Vilagarcía. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/5065

Vista a proposta da concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para o subministro e instalación dun paso canadiense e unha valla de lamas, así como a súa montaxe no parque infantil do Paseo Marítimo de Carril, redactado polo arquitecto municipal D. Xoan Xosé Rodríguez Cuiña, por un importe de 2.223,11€(ive engadido) con cargo á partida 171-63200.

PRP2017/5070

Tramitase neste Concello a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, para adxudicar o contrato de denominado “Mellora de bombeo e impulsión de augas residuais e conexión de colector en rúa Sobreiral na parroquia de Cea” cun orzamento de licitación de 55.591,03 € (IVE engadido) . Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Mellora telexestión
Endenor, Construcción y Mantenimiento S.L.	50.810,47€	Non
Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.	53.703,07€	Sí
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	54.788,95€	Sí
Construcciones, Obras y Viales, S.A.	55.567,76€	Sí
Víaqua, Gestión Integral de Aruas de Galicia, S.A.U.	55.940,69€	Sí
Constructora Ediserpo, S.L.	57.300,00€	Sí
Espina & Delfin, S.L.	60.913,20€	Sí



Nemesio Ordóñez, S.A.	61.112,11€	Sí
-----------------------	------------	----

Concedido, de conformidade co establecido nos pregos que rexen a licitación, prazo para a negociación do contrato, preséntanse as seguintes ofertas melloradas:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Mellora telexestión
Endenor, Construcción y Mantenimiento S.L.	47.480,33€	Non
Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.	50.599,03€	Sí
Construcciones, Obras y Viales, S.A.	54.324,63€	Sí
Viaqua, Gestión Integral de Arouas de Galicia, S.A.U.	50.446,07€	Sí
Espina & Delfín, S.L.	47.763,56€	Sí
Nemesio Ordóñez, S.A.	49.004,05€	Sí

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación fixados nos pregos que rexen a licitación resulta a seguinte clasificación das ofertas por orden decrecente de puntuación:

Licitador	Oferta económica (IVE excluído)	Puntos oferta económica	Mellora	Puntos mellora	Total puntos
Espina & Delfín, S.L.	42.763,56€	50.00	Sí	50	100
Nemesio Ordóñez, S.A	49.004,05€	33.91	Sí	50	83,91
Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	50.446,07€	30.19	Sí	50	89.19
Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.	50.599,03€	29.80	Sí	50	79.80
Construcciones, Obras y Viales, S.A.	54.324,63€	20.19	Sí	50	70.19
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	54.788,95€	19.00	Sí	50	69.00
Constructora Ediserpo, S.L.	57.300,00€	12.52	Sí	50	62.52
Endenor, Construcción y Mantenimiento S.L.	47.480,33€	37.84	Non	0	37.84

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación das obras de “Mellora bombeo e impulsión de augas residuais e conexión de colector en rúa Sobreiral na parroquia de Cea” á empresa Espina & Delfín, S.L., por un importe de 42.763,56€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.980,35€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 51.743,91€ e a mellora de telexestión ofertada, ao ser a oferta economicamente máis vantaxosa para o concello.

PRP2017/5071

Tramítase neste Concello a través da Plataforma de licitación electrónica da administración local de Galicia (Leal) o contrato de subministro denominado “ Subministro dunha furgoneta de 9 prazas con destino a actuacións de protección do medio ambiente e do espazo natural”.

O orzamento do contrato é o seguinte:

Sen IVE 21.487,60€	IVE (21%) 4.512,40€	Total (IVE inc) 26.000,00€
------------------------------	-------------------------------	--------------------------------------



A inversión está cofinanciada pola Xunta de Galicia con cargo ó Fondo de Compensación Ambiental.

O único licitador admitido Talleres Santiago Iglesias, S.L. presenta unha oferta do vehículo Nissan NV 300 1.6 DCI, 125 CV, combi 9 prazas en cor branco, por un prezo de 19.642,15 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 4.124,85 €, imposto de matriculación (4,75%) de 933,00 €, o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 24.700,00 €.

Unha vez emitido informe técnico pola encargada do servizo de parques e xardíns e aplicados os criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares e visto o que antecede, **a Xunta de Goberno Local acorda:**

1.- Aprobar a adquisición do subministro denominado **“Subministro dunha furgoneta de 9 prazas con destino a actuacións de protección do medio ambiente e do espazo natural”**, á empresa Talleres Santiago Iglesias, S.L, cun importe (IVE excluído) de 19.642,15 € , ao que lle corresponde un IVE 21% de 4.124,85 €, imposto de matriculación (4,75%) de 933,00 €, o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 24.700,00 €.

PRP2017/5072

Tramitase neste Concello a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, para adxudicar o contrato para a prestación do servizo de mantemento e conservación de aparatos elevadores (ascensores e montacargas) portas automáticas/motorizadas e instalacións electromecánicas municipais ou dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa, cun orzamento de licitación de 45.784,75 € (IVE engadido) (Expte.: CT-61/2017-e).

Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

1.- Orona Sociedad Cooperativa:

Oferta sen IVE	21% IVE	Oferta con IVE	Melloras
37.459,92 € (desagrega os prezos/mes por instalación)	7.866,58 €	45.326,50 €	-Eficiencia enerxética -Mantenemento preventivo e correctivo da silla salvaescalas sita no Museo do Ferrocarril. -Certificado de xestión da calidade ISO 9001. -Certificado ISO 14.001 de Xestión Medioambiental.

2.- Thyssenkrupp Elevadores, S.L.:

Oferta sen IVE	21% IVE	Oferta con IVE	Melloras
37.838,40 € (desagrega os prezos/mes por instalación)	7.946,06 €	45.784,46 €	-Certificado de xestión da calidade ISO 9001. -Certificado ISO 14.001 de Xestión Medioambiental. -Selo de excelencia Europea EFQM

3.- Ascensores Enor, S.L.:

Oferta sen IVE	21% IVE	Oferta con IVE	Melloras
37.738,08 €	7.925,00 €	45.663,08 €	-Eficiencia enerxética -Mantenemento preventivo e correctivo da silla salvaescalas sita no Museo do



(desagrega os prezos/mes por instalación)			Ferrocarril. -Certificado de xestión de calidade ISO 9001 -Certificado de xestión medioambiental ISO 14001
---	--	--	--

4.- Kone Elevadores, S.A.:

Oferta sen IVE	21% IVE	Oferta con IVE	Melloras
22.696,32 € (desagrega os prezos/mes por instalación)	4.766,23 €	27.462,55 €	-Eficiencia enerxética -Mantenemento preventivo e correctivo da silla salvaescalas sita no Museo do Ferrocarril. -Certificado de xestión da calidade ISO 9001. -Certificado ISO 14.001 de Xestión Medioambiental. -Certificado de conformidade da UE sobre o sistema de gestión de calidade.

5.- Ascensores Tresa, S.A.: Que presenta a seguinte oferta económica:

Oferta sen IVE	21% IVE	Oferta con IVE	Melloras
16.358,40 € (desagrega os prezos/mes por instalación)	3.435,26 €	19.793,66 €	-Eficiencia enerxética -Mantenemento preventivo e correctivo da silla salvaescalas sita no Museo do Ferrocarril. -Certificado de xestión da calidade ISO 9001. -Certificado OHSAS 18001:2007 DE Sistema de xestión da saúde e seguridade laboral. -Certificado do sistema de aseguramento da calidade Directiva 95/16/CE(fin validez certificado 26/09/2017) -Certificado do sistema de aseguramento da calidade Directiva 2014/33/UE(fecha de caducidade 26/09/17).

Realizados os cálculos aos efectos de constatar se algunha das **ofertas presentadas conteñen valores anormais ou desproporcionados**, comprobouse que a presentada polo licitador Ascensores Tresa, S.A. ten, respecto do prezo, **unha desproporción do 11,31% inferior á media**. Requerido o licitador citado para que presentara a xustificación da valoración da súa oferta e transcorrido o prazo concedido ao efecto, o licitador non presentou xustificación algunha da baixa desproporcionada na que incorre a súa oferta, polo que se procedeu a exclusión da mercantil Ascensores Tresa, S.A. da clasificación por orden decrecente de puntuación das ofertas, que queda como segue:

Licitador	Puntos oferta económica	Mellora eficiencias enerxética	Puntos mantemento salvaescaleiras Museo ferrocarril	Puntos disposición sistemas aseguramento calidade	Total Puntos
Kone Elevadores, S.A.	50	30	2	18	100
Orona,	1,25	30	2	18	51,25



S.Coop.					
Ascensores Enor, S.L.	0.33	30	2	18	50,33
Thyssenkrupp Elevadores, S.L.U.	0	0	0	18	18

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de mantemento e conservación de aparatos elevadores (ascensores e montacargas) portas automáticas/motorizadas e instalacións electromecánicas municipais ou dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa, á empresa Kone Elevadores, S.A. polo prezo de 22.696,32 €(sen IVE), ó que corresponde un IVE de 21% 4.766,23 € totalizándose a oferta en 27.462,55 € (IVE engadido), de conformidade coa súa oferta , a cal contén as seguintes melloras:

-Eficiencia enerxética

-Mantenemento preventivo e correctivo da silla salvaescalas sita no Museo do Ferrocarril.

2.- Que a prestación do servizo consistente no mantemento e conservación de ascensores e montacargas instalados en distintas dependencias municipais, que ata o de agora viña prestando ThyssenKrupp Elevadores, S.L., finalice con data 15 de novembro de 2017, debendo deixar a citada empresa en perfecto estado de funcionamento tódalas instalacións e aparatos.

3.- Que a empresa Kone Elevadores, S.A., como adxudicatario do contrato denominado "Mantenemento e conservación de aparatos elevadores (ascensores e montacargas) portas automáticas/motorizadas e instalacións electromecánicas municipais ou dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa, comece a prestar servizos o 16 de novembro de 2017"

PRP2017/5098

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Proxecto "Mellora de Accesibilidade nas Travesías de Alejandro Cerecedo" de data novembro de 2017, asinado polo técnico D. Iago Fernández Puentes, arquitecto da Oficina de Rehabilitación Municipal por un importe de 99.999,99€ con cargo á partida 453-61900. Proxecto (2) N° 01/62/2017.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:50 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.